

Lei 6/1992, do 26 de xuño, de disciplina turística

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 65, do 17.10.1990.

Emendas, BOPG núm. 77, do 12.11.1990.

Debate de totalidade, DSPG núm. 73, do 20.6.1991.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 261, do 14.4.1992.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 264, do 5.5.1992.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 264, do 5.5.1992.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 16, do 12.5.1992.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 283, do 11.6.1992.

Diario Oficial de Galicia núm. 129, do 7.7.1992. Corrección de erros: DOG núm. 246, do 18.12.1992.

Boletín Oficial del Estado núm. 247, do 14.10.1992.

Lei 6/1992, do 26 de xuño, de disciplina turística

Esta lei foi derogada pola Lei 9/1997, de ordenación e promoción do turismo en Galicia.

Como consecuencia da incorporación de España á CEE e das transferencias en materia de turismo do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, e como, dentro do seu ámbito, a CEE comezou a elaboración de disposicións en forma de recomendacións (como a prevención de incendios en hoteis) ou de directrices (algunhas de contido xeral con efectos no eido turístico e outras específicas deste, como a proposta da Comisión sobre viaxes combinadas), faise imperativo previlas consecuencias de gran alcance que se derivarán do establecemento do mercado interior europeo a partir do primeiro de xaneiro de 1993, de acordo coas previsións da Acta única europea, como son a libre circulación de bens e capitais e a liberdade de establecemento de empresas e de contratación de profesionais, o que obriga a dispoñer na Comunidade Autónoma de Galicia dun marco legal que facilite o comportamento coa disciplina que deberán cumprilas persoas e os establecementos no desenvolvemento de actividades turísticas.

Por outra banda, os esforzos de promoción para conseguilo turismo desexable para Galicia, que se

fan desde as distintas administracións (autonómica e locais) e desde entidades como as cámaras de comercio, industria e navegación, os padroados de turismo, os centros de iniciativas turísticas e as asociacións empresariais, deben obte-la correspondente rendibilidade, polo que cómpre promulgar unha lei que vele pola calidade da oferta do produto turístico galego e que ampare, asemade, os recursos, os intereses dos empresarios, profesionais e traballadores do sector e os dereitos dos turistas. O mesmo tempo, que sexa un instrumento útil para evita-las actividades turísticas clandestinas e as competencias desleais.

Preténdese, en definitiva, potencia-la responsabilidade de tódalas persoas, empresarios, directivos e traballadores, do sector turístico coa finalidade de que os servicios ofertados sexan da calidade esixible hoxe en día, o que fará máis doada a promoción de Galicia e consecuentemente a súa competitividade nos mercados. Por isto, e tendo en conta que uns dos elementos determinantes na elección dun destino turístico son o acougo e benestar —así como unha boa relación calidade-precio— que se

Ile poden ofrecer á clientela turística, procurárase na presente lei que as instalacións dos establecementos observen a máis alta calidade en canto a limpeza, hixiene, conservación, mantemento, seguridade e insonorización.

Deste xeito, de conformidade cos artigos 25 e 53 da Constitución española, que establecen o principio de legalidade sancionadora aplicable, non só no ámbito dos delitos e das faltas, senón tamén no das infraccións administrativas, e considerando que só por lei poderá regularse o exercicio dos dereitos e das liberdades recoñecidos no capítulo segundo do título primeiro, respectivamente, cómpre a regulación por lei formal da materia sancionadora de turismo no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 148.1.18.º da Constitución española e no artigo 27.21 do Estatuto de autonomía para Galicia, atribúeselle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial e, correspondentemente, a facultade para a creación dun marco lexislativo nesta materia.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e

do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de disciplina turística.

Capítulo I

Obxecto e ámbito da lei

Artigo 1. Obxecto.

A presente lei ten por obxecto tipificar-las infraccións e sancións en materia de turismo, así como regula-la inspección correspondente e establece-lo procedemento sancionador aplicable.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

A lei seralles de aplicación ás persoas físicas ou xurídicas titulares de establecementos ou instalacións radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia onde se realicen actividades turísticas. Isto sen prexuício do disposto nas normativas sectoriais específicas que, por seren competencia doutros departamentos da Xunta ou do Estado, queden dentro do seu ámbito de aplicación.

Artigo 3. Suxeitos responsables administrativamente.

1. Serán suxeitos responsables administrativamente das infraccións en materia de turismo as persoas físicas e xurídicas titulares das empresas ou dos establecementos, ben exerzan profesión, ben actividade regulamentada, independentemente da súa posesión de licencia ou autorización administrativa.

2. Os titulares das empresas e das actividades turísticas serán responsables administrativamente das infraccións cometidas por calquera persoa afecta á empresa ou ó establecemento, sen prexuício das accións que puidesen exercerse en dereito sobre as persoas que cometesen a infracción para o resarcimento que corresponda.

Artigo 4. Obrigas dos administrados.

1. Os representantes ou titulares das empresas e das actividades turísticas, ou no seu defecto os seus empregados debidamente autorizados, están obrigados a facilitarlles ós funcionarios dos servicios de inspección do turismo o acceso ás dependencias e instalacións e o exame de documentos, libros e rexistros que teñan relación coa actividade turística.

Se non estivese presente o titular ou representante autorizado, deixaralle á persoa que estea presente requirimento, advertindo de que no prazo de vinte e catro horas se procederá a realizar a inspección, que deberá ser facilitada por calquera persoa relacionada co establecemento presente nese momento.

2. Están así mesmo obrigados a facilitar a obtención de copias ou reproducións da documentación á que se fai referencia no punto anterior.

3. Se a requirimento da Administración turística se achega

algún documento, este irá asinado por unha persoa con facultade para representar á empresa.

Capítulo II

Da inspección turística

Artigo 5. Inspección das empresas turísticas.

1. A comprobación e vixilancia do cumprimento das disposicións legais en materia de turismo realizárasas o Servicio de Inspección de Turismo.

Son funcións do Servicio de Inspección de Turismo:

a) A comprobación e o control do cumprimento das disposicións e da normativa vixentes en materia de turismo.

b) O asesoramento ás empresas turísticas sobre o cumprimento e a aplicación da normativa vixente.

c) A emisión dos informes técnicos que lle solicite a Administración turística autonómica, nos seguintes casos:

— Apertura de novos establecementos e instalacións turísticas.

— Autorizacións de funcionamento de empresas turísticas.

— Autorizacións para modificacións de instalacións e cambios de actividade.

— Clasificación de establecementos.

— Calquera outro que se lle solicite.

2. O persoal técnico dos servizos de inspección de turismo estará dotado da correspondente acreditación, que exhibirá no exercicio das súas funcións, e terá o carácter de axentes de autoridade e gozará como tal da protección e das facultades que a estes lles dispensa a normativa vixente.

3. O persoal dos servizos de inspección de turismo está obrigado a mante-lo sxiilo profesional. O incumprimento desta obriga será sancionado conforme ás disposicións vixentes na materia.

4. A Secretaría Xeral para o Turismo estará obrigada a comunicarlles ós departamentos ou organismos correspondentes aquelas deficiencias detectadas no exercicio da súa función polo persoal do Servicio de Inspección de Turismo que, podendo constituír infraccións, incidan no ámbito de calquera outro departamento ou organismo da Administración.

5. Nos establecementos onde se desenvolva unha actividade turística haberá un libro de visitas a disposición dos funcionarios do Servicio de Inspección de Turismo, no que quedará constancia das inspeccións realizadas e das circunstancias das mesmas. Regulamentariamente aprobarase o modelo do devandito libro.

Artigo 6. Acta de inspección.

Os actos ou feitos constatados na inspección reflectiranse nunha acta normalizada no modo que se

determine regulamentariamente. Estas actas terán indicio de presunción de veracidade sen prexuício de calquera proba en contrario das admitidas en dereito.

Capítulo III

Da tipificación e cualificación das infraccións

Artigo 7. Infraccións no exercicio da actividade.

1. As infraccións á normativa turística cualificaranse como leves, graves ou moi graves. A dita cualificación farase atendendo á natureza da disposición infrinxida e á repercusión que supoña en canto ó exercicio da actividade ou ó servizo de clientes.

2. Cando un mesmo feito tipificado como infracción turística estea igualmente tipificado como infracción noutra orde administrativa non poderá impoñerse máis de unha sanción.

3. A inspección turística, cando comprobe, no exercicio das súas funcións, a existencia de posibles infraccións administrativas en materias competencia doutros órganos administrativos, daralles conta das mesmas, para os efectos pertinentes. Igualmente as posibles infraccións en materia de turismo detectadas por inspectores doutros servizos da Xunta de Galicia, actuando no ámbito das súas competencias inspectoras, seranlle comunicadas á Secretaría

Xeral para o Turismo, que actuará no ámbito das súas competencias.

Artigo 8. Infraccións leves.

Constitúen infraccións administrativas de carácter leve:

a) A falta de distintivos, documentación e listas de precios de obrigatoria exhibición nos lugares do establecemento que se determinen regulamentariamente, ou que exhibidos non cumpran as formalidades.

b) Non observar na documentación ou facturación as condicións esixidas pola normativa turística.

c) Expedir sen os requisitos esixidos facturas ou xustificantes de cobro polos servicios prestados ou non conserva-los correspondentes duplicados durante o tempo regulamentariamente establecido.

d) Non dispoñer materialmente dos documentos esixidos pola normativa turística no suposto de que posúise a preceptiva autorización.

e) Existir deficiencias nas condicións de limpeza e funcionamento dos locais, das instalacións, da moblaxe e doutros elementos dos establecementos e falta de decoro na fachada ou nas inmediacións do inmovible que formen parte da explotación.

f) As deficiencias na prestación do servicio por parte do persoal en canto á debida atención e trato á clientela.

g) As deficiencias na prestación dos servicios debidos á clientela ou nos termos contratados, sempre que iso non cause prexuícios graves para o cliente.

h) A falta de comunicación, declaracións ou notificacións á Administración turística, ou face-lo fóra do prazo establecido, de cambios de titularidade do establecemento, de precios ou de datos esixidos pola normativa turística.

i) Non posuír persoal habilitado legalmente para o exercicio dun posto de traballo cando así o esixa a normativa vixente na materia.

l) As deficiencias nas dependencias ou instalacións destinadas ós traballadores nos establecementos.

m) Carencia de follas de reclamacións.

n) Permitti-la venda ambulante ilegal de obxectos no establecemento.

ñ) Calquera outra que supoñendo infracción da normativa turística non apareza tipificada como grave ou moi grave.

Artigo 9. Infraccións graves.

Constitúen infraccións administrativas de carácter grave:

a) A utilización de denominacións, rótulos ou distintivos diferentes ós que correspondan segundo a normativa turística vixente.

b) A prestación de servicios e a realización de actividades carecendo da autorización ou do título-licencia esixidos pola normativa turística vixente.

c) Efectuar modificacións da estrutura, da capacidade ou das características do establecemento sen previa autorización da Administración turística cando sexa preceptiva.

d) A alteración das circunstancias que motivaron a autorización, o título-licencia ou a habilitación para o exercicio da actividade ou profesión.

e) Os cambios substanciais ou o incumprimento na prestación dos servicios, nos termos fixados nos contratos, respecto a lugar, tempo, precio e demais condicións acordadas.

f) A facturación de conceptos non incluídos nos servicios efectuados.

g) A percepción de precios distintos ós exhibidos ou notificados ó cliente.

h) Non expedir factura ou xustificante dos servicios prestados naqueles establecementos nos que regulamentariamente se esixa, e cando, en todo caso, o cliente o solicite.

i) Negativa a facilita-las follas de reclamacións cando os clientes as soliciten.

l) O trato incorrecto ó cliente nos supostos manifestamente ofensivos.

m) A variación das condicións de seguridade, así como as deficientes condicións de mantemento de hixiene, salubridade e seguridade das instalacións.

n) A reserva de prazas en número superior ás dispoñibles.

ñ) A prestación de servicios e a oferta de alimentos que contraveñan as disposicións sobre vedas de caza e pesca, así como a venda de produtos que contraveñan a normativa de comercialización vixente.

o) O incumprimento da normativa vixente que lle sexa aplicable en materia de insonorización.

p) A carencia de dependencias ou instalacións para os traballadores, esixidas pola normativa vixente, nos establecementos.

q) A obstrución á inspección ou a negativa a facilita-la información requirida polos inspectores.

r) A reincidencia na comisión de faltas leves.

s) Realizar vertidos non autorizados ou actividades que infrinxan a normativa en materia do medio ambiente.

t) As deficiencias na prestación dos servicios debidos á clientela ou nos términos contratados, sempre que iso lles cause prexuícios graves ós intereses dos clientes.

Artigo 10. Infraccións moi graves.

Constitúen infraccións administrativas de carácter moi grave:

a) O incumprimento da normativa que lle sexa aplicable á instalación na que se desenvolva a actividade en materia de incendios e seguridade.

b) A prestación de servicios ou a realización de actividades turísticas carecendo non só da autorización turística, senón tamén das correspondentes a outros organismos administrativos, tendo en conta as súas propias competencias.

c) O deficiente estado das instalacións e condicións hixiénicas ou de seguridade, que supoñan grave risco para os usuarios.

d) A adulteración ou o mal estado de conservación dos produtos servidos ós clientes.

e) A reincidencia na comisión de faltas graves.

f) A utilización das axudas económicas concedidas pola Administración turística para fins contrarios ós determinados expresamente.

Artigo 11. Reincidencia.

Para os efectos da presente lei enténdese por reincidencia a comisión de unha infracción análoga á que motivou a sanción anterior no prazo do ano seguinte á notificación desta. En tal suposto requirírase que a primeira resolución sancionadora xa adquirise firmeza en

vía administrativa.

Capítulo IV

Das sancións

Artigo 12. Graduación das sancións.

1. As infraccións a que se refire a presente lei serán sancionadas mediante:

a) Apercibimento.

b) Multa.

c) Suspensión das actividades turísticas exercidas polo establecemento ou do exercicio da profesión turística.

d) Clausura do establecemento ou revogación do correspondente título-licencia ou autorización.

2. a) As infraccións leves serán sancionadas con apercibimento ou multa de ata cen mil pesetas.

b) As infraccións graves serán sancionadas con multa desde cen mil pesetas ata un millón de pesetas.

c) As infraccións moi graves serán sancionadas con multa desde un millón de pesetas ata dez millóns de pesetas.

3. Cando a infracción supoña un notorio prexuício para a imaxe turística de Galicia, un desprestixio evidente para a profesión ou danos irreparables ós usuarios, poderase acordar ademais a suspensión da actividade por un período de ata seis meses, cando a

infracción fose cualificada como grave; e no caso de infraccións moi graves, poderase acordar ademais a clausura do establecemento ou a revogación do título-licencia ou da autorización con carácter definitivo.

4. Se é o caso, cando estean en tramitación da preceptiva normativa ou do título turístico non se considerará sanción a clausura ou o cerramento dos establecementos abertos ó público.

5. Aquelas infraccións, tipificadas na presente lei, para as que sexa de aplicación o disposto no punto 4 do artigo 5, e sexan sancionadas polos organismos ou departamentos correspondentes, serán anotadas para os efectos das reincidencias consideradas nos artigos 9, alínea r), e 10, alínea e).

Artigo 13. Determinación das sancións.

1. Para a graduación do importe da sanción teranse en conta as seguintes circunstancias: os prexuícios ocasionados ós clientes, a natureza da infracción, o beneficio ilícito obtido, a transcendencia social da infracción, a categoría do establecemento infractor, a reincidencia e as repercusións negativas para o sector turístico e para a imaxe turística de Galicia.

2. Terase en conta, como atenuante para a fixación da sanción, que antes da resolución definitiva do expediente incoado se reparen satisfactoriamente as circunstan-

cias que deron lugar ó comezo deste.

Artigo 14. Multas coercitivas.

Os órganos competentes para a imposición das sancións establecidas nesta lei poderán impoñer multas coercitivas, nos termos previstos no artigo 107 da Lei de procedemento administrativo, dun dez por cento máis sobre a contía da sanción, por cada día que pase sen atenderla comunicación cando esta se refire ó cesamento da actividade infractora.

Artigo 15. Prescrición das infraccións e caducidade do procedemento.

1. As infraccións a que se refire a presente lei prescribirán: as leves ós catro meses, as graves ós oito meses e as moi graves ó ano, desde que a Administración autonómica teña coñecemento da súa comisión.

2. O procedemento sancionador caducará ós seis meses da súa paralización, entendéndose que así ocorre cando non se levase a cabo neste prazo ningunha notificación de actuación ou dilixencia sen prexuício de que o instructor do expediente poida acordar un prazo maior, mediante resolución debidamente motivada e notificada ó interesado, cando a natureza ou as circunstancias da actuación ou da dilixencia en curso o xustificuen.

Artigo 16. Órganos competentes para a imposición das sancións.

a) Para as sancións leves o

correspondente delegado provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

b) Para as sancións graves o secretario xeral para o Turismo.

c) Para as sancións moi graves o conselleiro da Presidencia e Administración Pública. As que supoñan o cerramento do establecemento ou da instalación, ou a suspensión do título-licencia, o Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública.

Artigo 17. Recursos.

Os recursos de alzada en contra dos acordos adoptados sobre imposición de sancións, leves e graves, presentaranse perante o conselleiro da Presidencia e Administración Pública. Para as sancións que impliquen o cerramento do establecemento interpoñerase recurso de reposición ante o Consello da Xunta.

Artigo 18. Publicidade das sancións.

As sancións por contía igual ou superior ós tres millóns de pesetas, así como todas aquelas que supoñan o pechamento dos establecementos ou das instalacións, ou a suspensión do título-licencia, deberán ser publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 19. Efectos das sancións.

1. No caso de infraccións moi graves, independentemente das

sancións impostas, o órgano sancionador poderá propoñerlle á autoridade correspondente a supresión, a cancelación ou a suspensión total ou parcial das axudas oficiais, tales como créditos, subvencións e outras, que tivese recoñecidas ou que solicitase a empresa sancionada.

2. Do mesmo xeito, e de conformidade coa Lei de contratos do Estado, no caso de infraccións moi graves, as empresas sancionadas poderán quedar, ademais, inhabilitadas para contratar coa Xunta de Galicia.

3. Das infraccións ás que se refire esta lei, as leves prescribirán no termo de seis meses, as graves no prazo de oito meses e as moi graves no de doce meses, contados a partir da data na que a Administración autonómica teña coñecemento da súa comisión e, en todo caso, ós dous anos de seren cometidas.

Capítulo V

Do procedemento sancionador

Artigo 20. Procedemento sancionador.

1. O procedemento sancionador axustarase ó establecido na Lei de procedemento administrativo e incoarao o xefe do Servicio Provincial de Turismo mediante:

a) Acta levantada polo persoal dos servicios de inspección de

turismo.

b) Denuncia formulada por asociacións, organismos de consumidores e usuarios ou particulares sobre algún feito que poida ser constitutivo de infracción.

Neste caso poderanse utilizar as follas de reclamación, que terán a consideración de denuncia.

c) De oficio, por recoñecemento directo da Administración turística.

2. Previamente á incoación do expediente calquera dos órganos competentes na resolución dos expedientes poderá ordenar que se efectúen dilixencias preliminares para investiga-los feitos.

3. Os feitos que figuren recollidos nas actas terán a presunción de veracidade salvo proba en contrario.

4. Iniciado, se é o caso, o oportuno expediente deberá nomearse un instructor e un secretario. O instructor efectuará as probas e actuacións que sexan necesarias para aclarar totalmente os feitos e determinar posibles responsabilidades administrativas. Á vista do actuado, o instructor formulará o oportuno prego de cargos, que lle será notificado ó inculpado con visto do expediente.

5. O interesado, no procedemento, poderá propoñer a proba de que tente valerse para a defensa do seu dereito na resposta ó prego de cargos. En todo caso, a Administración apreciará a proba realizada no expediente sancionador e valorará o resultado desta no seu conxunto.

6. Se se presumise que os feitos

investigados puidesen constituír delicto, daráselle conta á autoridade xudicial, sen prexuício de adoptar as medidas cautelares oportunas.

Disposición transitoria

Os expedientes de sancións xa comezados ó abeiro da lexislación anterior continuarán tramitándose ata a súa resolución final conforme a aquela.

Disposición derradeira primeira

Facúltase o Consello da Xunta para que mediante decreto actualice as contías das sancións previstas na presente lei. A elevación porcentual xamais poderá superala experimentada polo índice xeral de precios ó consumo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira segunda

Facúltase o Consello da Xunta de Galicia para dictar as normas necesarias para o desenvolvemento da presente lei, que en todo caso deberán ser publicadas no *Diario Oficial de Galicia* dentro dos doce meses seguintes á súa entrada en vigor.

Disposición derradeira terceira

A presente lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 1992

Manuel Fraga Iribarne
Presidente